

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS PARA O ANO 2026

SUBSCRIBEN

Dunha parte, Pedro Francisco Rojo Otero, secretario xeral de Medios, en virtude do disposto na Disposición adicional primeira do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia,

Doutra parte, M^a Pilar Chapela Villanueva, en representación da sociedade mercantil pública autonómica Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A (en diante, Retegal), en virtude da súa condición de apoderada, segundo consta na escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez, o 23 de abril de 2021, co número 1.125 da súa orde de protocolo, estando a mesma debidamente inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela.

As partes recoñécense capacidade e competencia suficientes para formalizar o presente Acordo de colaboración, e para o efecto

EXPOÑEN

Primeiro. Secretaría Xeral de Medios

O Decreto 135/2024, do 20 de maio, modificado polo Decreto 16/2025, do 10 de marzo, determina a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios.

No seu artigo 18 establécese que *"A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual, correspondéndolle o exercicio, entre outras, das funcións de dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual."*

A Disposición adicional primeira deste Decreto establece que *"quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos para gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propor o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia lles atribúe aos órganos de*



contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...)”.

Segundo. Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. é unha sociedade pública autonómica creada mediante o Decreto 58/1997, do 20 de febreiro.

O 23.04.2013 publícase no DOG a Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

O artigo 1 do Anexo desta resolución establece que *“Baixo a denominación de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (Retegal) constitúese unha sociedade anónima de nacionalidade española e capital social integramente de titularidade pública, para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia. O seu réxime xurídico vén determinado pola Lei de sociedades de capital, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, así como, no que proceda, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e polo título IV da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 2 dos estatutos de Retegal recolle que constituirán parte do seu obxecto social, entre **outras, as actividades de** *“dotación de equipamentos e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou nas que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.*

A prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.”

Retegal está adscrita á Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a través da Área de Sociedade Dixital, de acordo co establecido no artigo 23.2.6.r) do Decreto 9/2021 do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Terceiro. Actuacións

Con base nos programas de investimentos da Secretaría Xeral de Medios, dentro da iniciativa pública, despregouse a rede de titularidade pública autonómica de comunicación audiovisual, garantindo o máximo aproveitamento das infraestruturas públicas e permitindo que a maior parte de poboación galega dispoña de acceso a estes servizos.

O Programa de Investimentos para o ano 2026 contempla as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, inclúe as visitas de comprobación técnica de emisións e actuacións de soporte técnico correspondentes.



Cuarto. Medios e recursos

Retegal conta cos medios técnicos especializados na materia e dispón da estrutura necesaria para facerse responsable da organización e xestión dos traballos a desenvolver e das prestacións encargadas, así como da súa calidade técnica.

Quinto. Colaboración entre entidades do sector público autonómico

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Así mesmo, introduce no seu artigo 8, o concepto de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que "*cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que dispoñan dos medios dos que precisan*".

E prevese que esta colaboración no ámbito interno do sector público se faga efectiva a través de certos instrumentos tales como protocolos de colaboración, grupos de traballo, encomendas de xestión, acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas comúns e outros.

Neste senso, Retegal, principal operador de rede de difusión do múltiple autonómico, está a realizar traballos que están vinculados á programación de investimentos en equipamento electrónico e de mellora da cobertura da Televisión Dixital.

En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que Retegal lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral de Medios, na realización da actuación sinalada anteriormente.

En consecuencia, considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, e de conformidade co disposto polo artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, as partes acordan a formalización dun acordo de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente Acordo é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización das actuacións precisas para mellorar e actualizar a rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia dentro do Programa de Investimentos para o ano 2026.

Segunda. Investimentos e actuacións

1. Programa de investimentos. Elaborarase o Programa de Investimentos que incluírá as actuacións necesarias para a mellora e actualización da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que soportan o servizo nas entidades relacionadas no Anexo II.



Incluirase unha estimación económica dos custos de cada unha das actuacións que se vaian realizar no marco do Programa de Investimentos.

Este programa de investimentos elaborárase logo da comprobación técnica realizada nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e a partir dunha análise exhaustiva das necesidades.

Este programa constitúese nun marco de actuacións a desenvolver durante toda a vixencia do acordo e no que se basearán as correspondentes contratacións. Incorporará todas as actividades que poidan xurdir como consecuencia das comprobacións técnicas que se realicen; polo tanto está suxeito a modificacións en función das necesidades e do interese público. Igualmente, comprenderá todos os estudos, proxectos e accións concretas referentes ás actuacións a acometer para materializar os investimentos obxecto das contratacións.

As condicións técnicas figuran no anexo I. A lista de entidades de poboación obxectivo inclúense no Anexo II; poderanse incorporar ou eliminar entidades de poboación en función das necesidades que puidesen xurdir durante o período de vixencia deste acordo.

2. Este programa será elaborado polos servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios e de Retegal.

3. A Secretaría Xeral de Medios autoriza a Retegal a, no seu caso, realizar as visitas de comprobación técnicas nas instalacións da rede pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual que sexan da súa titularidade

4. O importe máximo do Programa de investimentos é de 410.000,00 euros.

Terceira. Contratación

1. As sucesivas contratacións derívanse do Programa de Investimentos. Retegal iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público e contará tamén coa información facilitada pola Secretaría Xeral de Medios.

2. Corresponderá a Retegal a tramitación, adxudicación e formalización dos contratos, tendo en conta que dispón de medios técnicos especializados na materia obxecto deste Acordo.

Retegal asumirá a constitución do vínculo contractual cos contratistas e o seu pagamento con cargo aos seus propios orzamentos, nos termos establecidos no artigo 16.b) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

3. Corresponde a Retegal a execución dos contratos, tendo en conta as súas capacidades técnicas. Os contratistas quedarán obrigados só ante Retegal, quen asumirá a total responsabilidade na execución da contratación fronte á Secretaría Xeral de Medios.

4. Poderanse empregar os importes das baixas nas licitacións para contratar novos investimentos, logo da súa inclusión no Programa de Investimentos.

Cuarta. Orzamento. Tramitación anticipada de gasto

1. A Secretaría Xeral de Medios financiará a totalidade das actuacións precisas para cumprir co obxecto deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 04.03.461B.603.4 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, polo importe máximo de 410.000,00 euros.

O importe exacto quedará establecido unha vez que Retegal licite as correspondentes actuacións. En ningún caso, as actuacións executadas suporán un incremento do orzamento máximo.



A Secretaría Xeral de Medios acreditará a plena dispoñibilidade das cantidades a achegar mediante a correspondente retención de crédito.

2. O acordo tramitarase como expediente anticipado de gasto, de acordo co disposto no artigo 2.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 .

Nesta tramitación anticipada poderase chegar á formalización do acordo, quedando a súa eficacia condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Quinta. Comisión de seguimento, vixilancia e control

1. Crearase unha comisión de seguimento, vixilancia e control que terá as seguintes funcións:

a) Dar a conformidade e propoñer a Retegal e á Secretaría Xeral de Medios a aprobación conxunta do Programa de Investimentos e as súas posibles modificacións.

b) Coordinación, supervisión, seguimento e control da execución das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

c) Garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir. Igualmente poderá revisar as accións previstas no Programa de Investimentos, co fin de adecualas ao correcto cumprimento dos obxectivos previstos, así como, de ser o caso, variar a orde e os prazos das accións previstas, mediando unha xustificación técnica razoada.

d) Resolver os problemas de interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo.

2. Esta comisión será paritaria e estará formada, como mínimo, por un representante da Secretaría Xeral de Medios e un representante da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.

Sexta. Xustificación das actuacións. Achegas

Retegal presentará á Comisión de seguimento, vixilancia e control un certificado da execución da totalidade das actuacións realizadas ao remate dos traballos, a correspondente documentación xustificativa e, no seu caso, os contratos asinados.

A Secretaría Xeral de Medios realizará as achegas logo da xustificación das actuacións derivadas do Programa de Investimentos.

Sétima. Modificación do acordo

1. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o acordo poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

2. Esta previsión deberá incorporarse nos pregos de cláusulas administrativas que rexan as contratacións, nos termos establecidos na lexislación aplicable.



Oitava. Extinción: resolución e efectos

1. O presente acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.
- b) O mutuo acordo das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que regulan o presente acordo de colaboración.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do acordo de colaboración.
- e) Denuncia, por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

2. Se cando conorra calquera das causas de resolución existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable, para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Novena. Protección de datos

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Así mesmo, estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décima. Publicación

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As persoas asinantes deste acordo de colaboración manifestan expresamente o seu consentimento para que os datos persoais que figuran nel e o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Réxime xurídico

Este Acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

No caso de discrepancia na interpretación e cumprimento das cláusulas deste Acordo no seno da comisión de seguimento, vixilancia e control, os conflitos resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



Décimo segunda. Vixencia e execución. Prórroga

O prazo de execución será como máximo dende o 1 de febreiro ata o 15 de decembro de 2026.

O presente acordo non é prorrogable.

Santiago de Compostela (*asinado dixitalmente*)

O secretario xeral de Medios	A directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.
Pedro Francisco Rojo Otero	M ^a Pilar Chapela Villanueva



ANEXO I

CONDICIÓNS TÉCNICAS DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2026

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA MELLORAR E ACTUALIZAR A REDE PÚBLICA AUTONÓMICA DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E DO EQUIPAMENTO ELECTRÓNICO INSTALADO NOS CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA EN GALICIA DENTRO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS 2026

Defínense neste documento as especificacións técnicas previstas para as actuacións a realizar no Acordo de Colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e a sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., para o programa de investimentos para a mellora e actualización da rede de titularidade pública autonómica dos servizos de comunicación audiovisual e do equipamento electrónico instalado nos centros de titularidade pública en Galicia, para 2026.

No Programa de Investimentos incorporaranse as actuacións de mellora ou correctoras previstas. Terase en conta para estas propostas a capacitación para traballos en altura, o acopio de equipamento necesario para afrontalo, reposición de novo stock, así como a posta en servizo do equipamento afectado.

Deberá incorporarse un orzamento básico detallado, tendo en conta a as actuacións en altura como a nivel do chan, desprazamentos programados e non programados, etc., así como por tipo de módulo, ben sexa mellora ou corrección. Ditas propostas tipo e orzamento servirán para definir as actuacións técnicas concretas e o material necesario para as melloras e correccións.

Os traballos incluirán como mínimo dúas (2) actuacións por entidade, das descritas no Anexo II. Estas actuacións poderán ser referentes a comprobación técnica de emisións e comprobación técnica de configuracións de sistemas e equipamentos; ou tamén poderán incluír na mesma actuación, ademais do anterior, as accións de mellora e actualizacións correctoras, de ser o caso, en función da comprobación realizada, así como o soporte técnico preciso.

Incluiranse as aplicacións informáticas de control, seguimento e rexistro das actuacións, comprobacións, proposta de accións e xeración de informes, así como a documentación xerada necesaria para a tramitación administrativa das diferentes actuacións, aplicacións e documentación a que terán acceso os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Medios.

O equipamento instalado para o servizo das entidades obxecto desta actuación corresponde aos fabricantes Tredess 2010, S.L., Egatel, S.L. e Sistemas Audiovisuales Itelsis, S.L., potencias de menos de 10 W, segundo as recomendacións dos organismos normalizadores de UIT, CEPT e



do ETSI, conforme coa normativa relacionada no eido da comunicación audiovisual televisiva, así como outros elementos estándar no eido da recepción do sinal de comunicación audiovisual televisiva.

Ao equipamento incluído para cada un dos fabricantes seralle de aplicación o principio de neutralidade tecnolóxica e comprende alomenos o seguinte hardware:

- Receptores
- Transmisores
- Canceladores de ecos
- Moduladores
- Sistemas de sincronismo
- Fontes de alimentación enerxética
- Telesupervisión e alarmas
- Filtros multiplexores
- Liñas de transmisión
- Distribuidores de potencia
- Sistemas radiantes
- Antenas de recepción
- Cableado de pequeno sinal
- Sistemas eléctricos
- Sistemas de protección e antidescargas
- Armarios rack e elementos de soporte e ancoraxe
- Sistemas de xestión, operación e mantemento
- Sistemas de monitorización, medida e supervisión da radiodifusión
- Sistemas de alimentación ininterrompida

Tamén se incluírá o software necesario para o correcto funcionamento e actualización dos equipos electrónicos.

Ao remate de cada actuación entregárase ante a Secretaría Xeral de Medios un protocolo ou informe da actuación realizada, documentación que virá en formato electrónico.



Anexo II
Entidades de poboación obxectivo

Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
1	150670001	A CORUÑA	A POBRA DO CARAMIÑAL	A POBRA DO CARAMIÑAL	4.032	5
2	150010910	A CORUÑA	ABEGONDO	VILARDEL	54	6
3	150021002	A CORUÑA	AMES	A MÁMOA	59	6
4	150021103	A CORUÑA	AMES	LEBORÁNS	32	6
5	150061813	A CORUÑA	ARZÚA	RIBADISO	63	7
6	150070110	A CORUÑA	BAÑA, A	SAN VICENZO	253	7
7	150120704	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	A PONTE	77	6
8	150120601	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	O BURGO	42	6
9	150120206	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	SANTAIA	134	7
10	150120403	A CORUÑA	BOQUEIXÓN	XIADÁS	20	6
11	150130901	A CORUÑA	BRIÓN	ESPARIS	29	6
12	150140607	A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	PEDROUZO	56	6
13	150150205	A CORUÑA	CABANAS	A IGREXA	14	6
14	150160201	A CORUÑA	CAMARIÑAS	AROU	317	5
15	150160202	A CORUÑA	CAMARIÑAS	CAMELLE	730	6
16	150160411	A CORUÑA	CAMARIÑAS	SANTA MARIÑA	98	6
17	150210502	A CORUÑA	CARRAL	A CABRA	58	6
18	150220402	A CORUÑA	CEDEIRA	ARÓN	75	6
19	150220304	A CORUÑA	CEDEIRA	CAMPO DA CRUZ	39	6
20	150220721	A CORUÑA	CEDEIRA	TEIXIDO (SANTO ANDRÉ)	40	5
21	150230301	A CORUÑA	CEE	CEE	4.067	7
22	150230403	A CORUÑA	CEE	LIRES	134	6
23	150230511	A CORUÑA	CEE	SAN XOSÉ	71	6
24	150230407	A CORUÑA	CEE	TEDÍN	64	6
25	150240417	A CORUÑA	CERCEDA	MEIRAMA	252	6
26	150240108	A CORUÑA	CERCEDA	O CAMPO DA FEIRA	1.427	7
27	150240532	A CORUÑA	CERCEDA	QUEIXAS	437	6
28	150250332	A CORUÑA	CERDIDO	A VILA DA IGREXA	80	6
29	150250121	A CORUÑA	CERDIDO	AS FELGOSAS	93	6
30	150270507	A CORUÑA	COIRÓS	OS LOUREIROS	77	6
31	150310807	A CORUÑA	CULLEREDO	A LAXE	1.011	6
32	150310701	A CORUÑA	CULLEREDO	ORRO	1.074	6
33	150320152	A CORUÑA	CURTIS	TEIXEIRO	1.226	8
34	150340201	A CORUÑA	DUMBRÍA	ANSEÁN	85	6
35	150340301	A CORUÑA	DUMBRÍA	BUXÁN	68	6
36	150350613	A CORUÑA	FENE	AS CENTEEIRAS	226	6
37	150360406	A CORUÑA	FERROL	DONIÑOS	136	6
38	150360204	A CORUÑA	FERROL	MONTECURUTO	50	5



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
39	150360901	A CORUÑA	FERROL	VILA DA AREA	194	6
40	150370302	A CORUÑA	FISTERRA	FISTERRA	2.683	7
41	150370404	A CORUÑA	FISTERRA	PADRÍS	35	6
42	150380210	A CORUÑA	FRADES	SANAMIL	47	6
43	150390410	A CORUÑA	IRIXOA	O PAZO DE IRIXOA	37	6
44	150410209	A CORUÑA	LARACHA, A	A PEDREIRA	69	6
45	150400610	A CORUÑA	LAXE	MÓRDOMO	108	6
46	150420206	A CORUÑA	LOUSAME	A ESCABIA	72	6
47	150420501	A CORUÑA	LOUSAME	ABEIXÓN	47	6
48	150420408	A CORUÑA	LOUSAME	CROÍDO	225	7
49	150451207	A CORUÑA	MAZARICOS	A PICOTA	400	8
50	150450615	A CORUÑA	MAZARICOS	SUEVOS	61	6
51	150461001	A CORUÑA	MELIDE	FURELOS	131	6
52	150480503	A CORUÑA	MIÑO	LEIRO	78	6
53	150500107	A CORUÑA	MONFERO	O CANEDO	45	6
54	150530804	A CORUÑA	MUROS	LESTÓN DE ARRIBA	49	6
55	150530301	A CORUÑA	MUROS	LOURO	802	6
56	150530203	A CORUÑA	MUROS	O MAIO	670	6
57	150530206	A CORUÑA	MUROS	REBOREDO	44	6
58	150530702	A CORUÑA	MUROS	TAL DE ARRIBA	217	6
59	150521211	A CORUÑA	MUXÍA	QUINTÁNS	160	6
60	150521303	A CORUÑA	MUXÍA	TOURIÑÁN	37	6
61	150550328	A CORUÑA	NEDA	GANDARELA	41	5
62	150560702	A CORUÑA	NEGREIRA	CASTELÁN	22	6
63	150560001	A CORUÑA	NEGREIRA	NEGREIRA	4.303	6
64	150560104	A CORUÑA	NEGREIRA	PESADUIRA	128	6
65	150560302	A CORUÑA	NEGREIRA	PORQUEIRA	34	6
66	150560509	A CORUÑA	NEGREIRA	VILASERIO	51	6
67	150570507	A CORUÑA	NOIA	MIROU	35	6
68	150580309	A CORUÑA	OLEIROS	A XESTA	138	6
69	150610825	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SAN XOÁN	157	6
70	150612377	A CORUÑA	ORTIGUEIRA	SANTA MARÍA	370	7
71	150620611	A CORUÑA	OUTES	LANTAROU	82	6
72	150620614	A CORUÑA	OUTES	MOLEDO	29	6
73	159021504	A CORUÑA	OZA-CESURAS	LOIS	259	5
74	150650211	A CORUÑA	PADRÓN	O PEDROSO DO VENDAVAL	88	6
75	150660801	A CORUÑA	PINO, O	AMARELLE	75	6
76	150660108	A CORUÑA	PINO, O	O PEDROUZO	977	6
77	150680501	A CORUÑA	PONTECESO	O PORTO DE CORME	1.040	8
78	150701111	A CORUÑA	PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS	GOENTE	105	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
79	150710604	A CORUÑA	PORTO DO SON	CARBALLOSA	203	6
80	150720504	A CORUÑA	RIANXO	RIANXIÑO	367	8
81	150730618	A CORUÑA	RIBEIRA	OLEIROS	617	5
82	150740303	A CORUÑA	ROIS	LIÑARES	57	6
83	150740805	A CORUÑA	ROIS	O SISTO	283	6
84	150750605	A CORUÑA	SADA	SADA DE ARRIBA	322	6
85	150760707	A CORUÑA	SAN SADURNIÑO	CORNIDE	166	7
86	150770808	A CORUÑA	SANTA COMBA	A ILLA	85	6
87	150770105	A CORUÑA	SANTA COMBA	O COUTO	88	6
88	150781203	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	FRENSA	25	6
89	150782807	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	VILAR DE OUTEIRO	36	6
90	150790101	A CORUÑA	SANTISO	AGRO DO CHAO	24	6
91	150790202	A CORUÑA	SANTISO	CHORÉN	50	6
92	150800820	A CORUÑA	SOBRADO	SOBRADO	311	6
93	150810422	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A GARITA	31	6
94	150810427	A CORUÑA	SOMOZAS, AS	A IGREXA	233	6
95	150820102	A CORUÑA	TEO	CACHEIRAS	1.434	5
96	150820107	A CORUÑA	TEO	FEROS	299	7
97	150830209	A CORUÑA	TOQUES	PONTE QUEIMADAS	49	6
98	150841015	A CORUÑA	TORDOIA	PIÑEIRO	104	6
99	150851506	A CORUÑA	TOURO	A MUÍÑA	89	6
100	150851703	A CORUÑA	TOURO	FONTE DÍAZ	482	5
101	150880201	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	BEMBIBRE	1.170	5
102	150881105	A CORUÑA	VAL DO DUBRA	INSUA	64	6
103	150870202	A CORUÑA	VALDOVIÑO	CANDAÍL	55	6
104	150870410	A CORUÑA	VALDOVIÑO	LAVACERIDO	117	6
105	150870119	A CORUÑA	VALDOVIÑO	O VILAR DE LAGO	130	6
106	150891209	A CORUÑA	VEDRA	SOBREDO	31	6
107	150910121	A CORUÑA	VILARMAIOR	RIEIRO	27	6
108	150900507	A CORUÑA	VILASANTAR	FORO	113	8
109	150920704	A CORUÑA	VIMIANZO	A DEVESA	40	6
110	150920101	A CORUÑA	VIMIANZO	BAÍÑAS	252	6
111	150920702	A CORUÑA	VIMIANZO	CARNÉS	175	6
112	150920706	A CORUÑA	VIMIANZO	MOREIRA	42	6
113	270010101	LUGO	ABADÍN	ABADÍN	104	8
114	270011403	LUGO	ABADÍN	O BARRAL	16	6
115	270020502	LUGO	ALFOZ	AS ACERNADAS	14	6
116	270040801	LUGO	BALEIRA	A LASTRA	41	6
117	270040501	LUGO	BALEIRA	O CÁDAVO	163	6
118	270040221	LUGO	BALEIRA	VILARDOI	18	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
119	279011304	LUGO	BARALLA	MATELA	37	6
120	270061304	LUGO	BECERREÁ	AS PONTES DE GATÍN	14	6
121	270061102	LUGO	BECERREÁ	NARÓN	41	6
122	270070101	LUGO	BEGONTE	BAAMONDE	224	6
123	270070601	LUGO	BEGONTE	INSUA	45	6
124	270080101	LUGO	BÓVEDA	BÓVEDA	384	6
125	270080901	LUGO	BÓVEDA	RUBIÁN	259	6
126	279020001	LUGO	BURELA	BURELA	9.555	7
127	270091801	LUGO	CARBALLEDO	A BARRELA	241	6
128	270100601	LUGO	CASTRO DE REI	CASTRO DE REI	180	8
129	270100906	LUGO	CASTRO DE REI	O CASTRO	858	7
130	270113701	LUGO	CASTROVERDE	CASTROVERDE	329	8
131	270111304	LUGO	CASTROVERDE	FURÍS DE ABAIXO	38	6
132	270120509	LUGO	CERVANTES	A DEGRADA	21	6
133	270120804	LUGO	CERVANTES	DONÍS	15	6
134	270121901	LUGO	CERVANTES	O FABAL	9	6
135	270121806	LUGO	CERVANTES	VILARELLO DA IREXA	47	6
136	270122007	LUGO	CERVANTES	VILASPASANTES	10	6
137	270130608	LUGO	CERVO	SARGADELOS	65	6
138	270162502	LUGO	CHANTADA	A EIREXE	31	4
139	270170203	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FERREIROS DE ARRIBA	59	6
140	270170204	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FOLGOSO DO COUREL	172	6
141	270170804	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	FROXÁN	26	6
142	270170703	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	MOREDA	28	6
143	270170501	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	NOCEDA	40	6
144	270170403	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	PADERNE	30	6
145	270170706	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	SEOANE DO COUREL	84	6
146	270170502	LUGO	FOLGOSO DO COUREL	TEIXEIRA	39	6
147	270180901	LUGO	FONSAGRADA, A	A FONSAGRADA	1.084	7
148	270182101	LUGO	FONSAGRADA, A	A POBRA DE BURÓN	90	6
149	270181208	LUGO	FONSAGRADA, A	LAMAS DE MOREIRA	31	6
150	270182511	LUGO	FONSAGRADA, A	VILAMAIOR	34	6
151	270182305	LUGO	FONSAGRADA, A	ROZABRAGADA	13	6
152	270182210	LUGO	FONSAGRADA, A	SAN PEDRO	13	6
153	270181214	LUGO	FONSAGRADA, A	SEOANE	22	6
154	270181107	LUGO	FONSAGRADA, A	VILARMEÁN	50	7
155	270190606	LUGO	FOZ	FONDO DE NOIS	498	6
156	270190505	LUGO	FOZ	FORXÁN	290	6
157	270190206	LUGO	FOZ	O SISTO	43	6
158	270190510	LUGO	FOZ	REIRIZ	21	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
159	270220807	LUGO	GUITIRIZ	A POBRA DE PARGA	307	6
160	270241101	LUGO	INCIO, O	A CRUZ DO INCIO	218	6
161	270242402	LUGO	INCIO, O	A FERRERÍA	35	5
162	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	91.610	6
163	270283202	LUGO	LUGO	MUXA DE ABAIXO	134	7
164	270290113	LUGO	MEIRA	MEIRA	944	7
165	270300704	LUGO	MONDOÑEDO	ESTELO	43	6
166	270301402	LUGO	MONDOÑEDO	O CASAL	15	6
167	270321505	LUGO	MONTERROSO	MONTERROSO	2.131	5
168	270330533	LUGO	MURAS	MURAS	93	6
169	270341202	LUGO	NAVIA DE SUARNA	A PROBA	253	6
170	270341408	LUGO	NAVIA DE SUARNA	MURIAS DE RAO	26	6
171	270341902	LUGO	NAVIA DE SUARNA	VALLO	15	6
172	270350402	LUGO	NEGUEIRA DE MUÑIZ	NEGUEIRA	47	7
173	270370202	LUGO	NOGAIS, AS	ESPARIZ	14	5
174	270370806	LUGO	NOGAIS, AS	TORÉS	63	6
175	270380428	LUGO	OUROL	VILARES	42	7
176	270391513	LUGO	OUTEIRO DE REI	URBANIZACIÓN O SALETE	308	7
177	270401401	LUGO	PALAS DE REI	CURBIÁN	32	8
178	270411104	LUGO	PANTÓN	FRONTÓN	30	5
179	270411702	LUGO	PANTÓN	O BARREAL	35	7
180	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	245	6
181	270440433	LUGO	PASTORIZA, A	BRETOÑA	245	6
182	270450601	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	LOUZARELA	44	6
183	270451209	LUGO	PEDRAFITA DO CEBREIRO	VEIGA DE BRAÑAS	28	6
184	270461501	LUGO	POL	MOSTEIRO	215	8
185	270480305	LUGO	PONTENOVA, A	A PONTENOVA	786	6
186	270480503	LUGO	PONTENOVA, A	RECELENDE	109	6
187	270480703	LUGO	PONTENOVA, A	VILAMEÁ	151	6
188	270480901	LUGO	PONTENOVA, A	VILAOURUZ	30	6
189	270500301	LUGO	QUIROGA	BENDOLLO DE FEAIS	54	6
190	270501514	LUGO	QUIROGA	CONCEADO	15	6
191	270510616	LUGO	RIBADEO	A PALMEIRA	57	7
192	270510801	LUGO	RIBADEO	RIBADEO	7.095	5
193	270530508	LUGO	RIBEIRA DE PIQUÍN	SANTALLA	68	6
194	270540601	LUGO	RIOTORTO	A AUGAXOSA	62	6
195	270552004	LUGO	SAMOS	SAMOS	155	6
196	270550805	LUGO	SAMOS	SANTA MARIÑA	17	7
197	270581803	LUGO	SAVIÑO, O	PESQUEIRAS	30	6
198	270610425	LUGO	TRABADA	A RETORTA	31	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
199	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	221	6
200	270610541	LUGO	TRABADA	TRABADA	221	6
201	270620704	LUGO	TRIACASTELA	TRIACASTELA	116	6
202	270640504	LUGO	VICEDO, O	O FOLGUEIRO	81	6
203	270640726	LUGO	VICEDO, O	O VICEDO	737	7
204	270660502	LUGO	VIVEIRO	AREA	73	8
205	270660324	LUGO	VIVEIRO	PEDREIRA	25	8
206	270660713	LUGO	VIVEIRO	TOXEIRAS	91	6
207	270210913	LUGO	XERMADE	A CASANOVA	72	6
208	270210703	LUGO	XERMADE	O CAMPO DA FEIRA	56	6
209	270250804	LUGO	XOVE	CAMBA	68	6
210	270250518	LUGO	XOVE	VILA	41	6
211	270250405	LUGO	XOVE	VILAPOL	72	6
212	320800302	OURENSE	A TEIXEIRA	CRISTOSENDE	35	4
213	320030120	OURENSE	ARNOIA, A	VILA TERMAL	202	7
214	320040302	OURENSE	AVIÓN	AVIÓN	278	7
215	320050104	OURENSE	BALTAR	SAN PAIO	94	6
216	320060101	OURENSE	BANDE	BANDE	637	6
217	320071001	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	PRESQUEIRA	78	7
218	320070209	OURENSE	BAÑOS DE MOLGAS	VILAMEÁ	21	4
219	320100201	OURENSE	BEADE	AS REGADAS	45	6
220	320110102	OURENSE	BEARIZ	BEARIZ	310	7
221	320130605	OURENSE	BOBORÁS	FEÁS	223	6
222	320131505	OURENSE	BOBORÁS	O REGUEIRO	113	8
223	320131406	OURENSE	BOBORÁS	PAZOS DE ARENTEIRO	117	6
224	320130701	OURENSE	BOBORÁS	XENDIVE	74	6
225	320150801	OURENSE	BOLO, O	AS ERMIDAS	43	6
226	320160101	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	CALVOS	99	6
227	320160602	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	RANDÍN	66	6
228	320160901	OURENSE	CALVOS DE RANDÍN	VILA	30	6
229	320170301	OURENSE	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	CASAIO	256	6
230	320190501	OURENSE	CARBALLIÑO, O	O CARBALLIÑO	11.503	8
231	320210101	OURENSE	CASTRELO DO VAL	CAMPOBECERROS	80	6
232	320210903	OURENSE	CASTRELO DO VAL	SERVOI	44	6
233	320230401	OURENSE	CASTRO CALDELAS	O CASTRO DE CALDELAS	663	6
234	320231302	OURENSE	CASTRO CALDELAS	PENELAS	23	4
235	320240105	OURENSE	CELANOVA	ERMIDE	25	6
236	320290502	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	A VENTOSA	3	6
237	320290501	OURENSE	CHANDREXA DE QUEIXA	CELEIROS	116	7
238	320260401	OURENSE	COLES	CAMBEO	307	7



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
239	320310202	OURENSE	ESGOS	CALSOMIRO	11	6
240	320340401	OURENSE	GUDIÑA, A	A GUDIÑA	665	6
241	320351003	OURENSE	IRIXO, O	PARADA	72	6
242	320390701	OURENSE	LAZA	MATAMÁ	140	6
243	320400503	OURENSE	LEIRO	LEIRO	520	7
244	320410403	OURENSE	LOBEIRA	AS QUINTAS	109	8
245	320421003	OURENSE	LOBIOS	A HERDADIÑA	20	6
246	320420205	OURENSE	LOBIOS	PRANCIBE	41	6
247	320420905	OURENSE	LOBIOS	TORNEIROS	62	5
248	320440204	OURENSE	MANZANEDA	LANGULLO	58	6
249	320470304	OURENSE	MERCA, A	FARAMONTAOS	49	6
250	320480101	OURENSE	MEZQUITA, A	CÁDAVOS	73	6
251	320491302	OURENSE	MONTEDERRAMO	MONTEDERRAMO	139	3
252	320491202	OURENSE	MONTEDERRAMO	VILARIÑO FRÍO	44	4
253	320511101	OURENSE	MUIÑOS	GUNTUMIL	91	6
254	320510501	OURENSE	MUIÑOS	XERMEADE	85	6
255	320521213	OURENSE	NOGUEIRA DE RAMUÍN	O COITELo	11	6
256	320580401	OURENSE	O PEREIRO DE AGUÍAR	CACHAMUIÑA	211	4
257	320542209	OURENSE	OURENSE	QUINTELA	138	6
258	320541302	OURENSE	OURENSE	REZA	107	6
259	320541709	OURENSE	OURENSE	UNTES	197	6
260	320560309	OURENSE	PADRENDA	A FRIEIRA	123	6
261	320560208	OURENSE	PADRENDA	FREÁNS	24	6
262	320560525	OURENSE	PADRENDA	PONTE BARXAS	116	6
263	320580705	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	A VENDA	122	4
264	320580207	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	URBANIZACIÓN TAPADA DE BOUZAS	480	8
265	320581310	OURENSE	PEREIRO DE AGUIAR	VILARIÑO	329	8
266	320590901	OURENSE	PEROXA, A	OS PEARES	57	7
267	320590209	OURENSE	PEROXA, A	PAZOS	25	4
268	320610104	OURENSE	PIÑOR	PIÑOR	93	8
269	320640119	OURENSE	PONTEDEVA	ALDEA DE DEVA	165	7
270	320660101	OURENSE	QUINTELA DE LEIRADO	XACEBÁNS	60	6
271	320680302	OURENSE	RAMIRÁS	O PICOUTO	133	8
272	320710205	OURENSE	RIÓS	A VEIGA DO SEIXO	33	6
273	320710201	OURENSE	RIÓS	CASTRELO DE CIMA	27	6
274	320710701	OURENSE	RIÓS	CORTEGADA	38	6
275	320750207	OURENSE	SAN CIBRAO DAS VIÑAS	REBOREDO	531	6
276	320760711	OURENSE	SAN CRISTOVO DE CEA	PIELAS	34	5
277	320700903	OURENSE	SAN XOÁN DE RÍO	A CRUZ	15	4
278	320780301	OURENSE	SARREAU	CORTEGADA	116	4



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
279	320800101	OURENSE	TEIXEIRA, A	O POMBAR	49	6
280	320810302	OURENSE	TOÉN	MOREIRAS	663	4
281	320810508	OURENSE	TOÉN	PUGA	127	6
282	320810202	OURENSE	TOÉN	QUENLLE	40	6
283	320810801	OURENSE	TOÉN	XESTOSA	94	6
284	320830101	OURENSE	VEIGA, A	BAÑOS	46	6
285	320840202	OURENSE	VEREA	BANGUESES DE ARRIBA	49	6
286	320850301	OURENSE	VERÍN	FECES DE ABAIXO	301	8
287	320850401	OURENSE	VERÍN	FECES DE CIMA	57	6
288	320850701	OURENSE	VERÍN	PAZOS	708	7
289	320851101	OURENSE	VERÍN	TAMAGOS	146	6
290	320860501	OURENSE	VIANA DO BOLO	FORNELOS DE FILLOÁS	35	6
291	320863201	OURENSE	VIANA DO BOLO	VIANA DO BOLO	1.506	6
292	320863501	OURENSE	VIANA DO BOLO	VILASECO DA SERRA	17	6
293	320870803	OURENSE	VILAMARÍN	BORULFE	51	6
294	320881001	OURENSE	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	VALENCIA DO SIL	70	7
295	320890404	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PORTO	91	4
296	320890601	OURENSE	VILAR DE BARRIO	PRADO	40	6
297	320910204	OURENSE	VILARDEVÓS	LAMASDEITE	55	6
298	320910802	OURENSE	VILARDEVÓS	TERROSO	148	6
299	320911101	OURENSE	VILARDEVÓS	VILARDEVÓS	229	6
300	320920602	OURENSE	VILARIÑO DE CONSO	PRADOALBAR	27	6
301	320321601	OURENSE	XINZO DE LIMIA	A PENA	91	6
302	320360209	OURENSE	XUNQUEIRA DE AMBÍA	SALGUEIROS	38	4
303	360010604	PONTEVEDRA	ARBO	ROZAS	90	5
304	360080502	PONTEVEDRA	CANGAS	O IGREXARIO	725	5
305	360080505	PONTEVEDRA	CANGAS	PINTÉNS	255	6
306	360090746	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	O TOUZAL DO BARREIRO	19	6
307	360090321	PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	XUNQUEIRAS	30	6
308	369020707	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	CERDEDO	428	7
309	369021003	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	COVAS	32	7
310	369020306	PONTEVEDRA	CERDEDO-COTOBADE	PAZOS	129	6
311	360131009	PONTEVEDRA	COVELO	A IGREXA	101	6
312	360140520	PONTEVEDRA	CRECENTE	O SURREIRO	18	7
313	360160205	PONTEVEDRA	DOZÓN	O CASTRO	108	6
314	360171902	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	A ESTRADA	8.467	7
315	360173206	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	O REDONDO	74	6
316	360172805	PONTEVEDRA	ESTRADA, A	PARAFITA	30	6
317	360180406	PONTEVEDRA	FORCAREI	FORCAREI	474	7
318	360180303	PONTEVEDRA	FORCAREI	LOUREIRO	76	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
319	360180601	PONTEVEDRA	FORCAREI	O BARRIO	40	6
320	360190101	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	A ALÉN DE ARRIBA	118	6
321	360190301	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	FONDO DE VILA	134	6
322	360190304	PONTEVEDRA	FORNELOS DE MONTES	RIAL	108	5
323	360210805	PONTEVEDRA	GONDOMAR	A GÁNDARA	201	8
324	360230109	PONTEVEDRA	GUARDA, A	SALGUEIRO	144	7
325	360242707	PONTEVEDRA	LALÍN	LALÍN	11.462	5
326	360244809	PONTEVEDRA	LALÍN	ZOBRA	47	6
327	360250203	PONTEVEDRA	LAMA, A	CAMBESES	56	6
328	360260709	PONTEVEDRA	MARÍN	SEIXO	793	7
329	360270209	PONTEVEDRA	MEAÑO	PONTE DENA	348	8
330	360300506	PONTEVEDRA	MONDARIZ	MONDARIZ	1.013	7
331	360330901	PONTEVEDRA	MOS	O CASAL	351	7
332	360350611	PONTEVEDRA	NIGRÁN	A RAÑA	119	6
333	360350503	PONTEVEDRA	NIGRÁN	CON	238	6
334	360360304	PONTEVEDRA	OIA	AS MARIÑAS	139	6
335	360360307	PONTEVEDRA	OIA	O PORTO	304	6
336	360360106	PONTEVEDRA	OIA	TORROÑA	123	7
337	360370203	PONTEVEDRA	PAZOS DE BORBÉN	O POUSEÑO	161	6
338	360430709	PONTEVEDRA	PONTE CALDELAS	PONTE CALDELAS	990	8
339	360390306	PONTEVEDRA	PORRIÑO, O	A GRAÑA	118	6
340	360471706	PONTEVEDRA	RODEIRO	RODEIRO	387	7
341	360480216	PONTEVEDRA	ROSAL, O	MARZÁN	396	8
342	360480229	PONTEVEDRA	ROSAL, O	PORTECELO	122	7
343	360490406	PONTEVEDRA	SALCEDA DE CASELAS	LOUREIRO	97	5
344	360522207	PONTEVEDRA	SILLEDA	PORTODABALDE	22	6
345	360521309	PONTEVEDRA	SILLEDA	SANTA MARIÑA	30	6
346	360523008	PONTEVEDRA	SILLEDA	SILLEDA	3.645	5
347	360541302	PONTEVEDRA	TOMIÑO	CIMADEVILA	158	8
348	360541422	PONTEVEDRA	TOMIÑO	O SEIXO	1.391	7
349	360541428	PONTEVEDRA	TOMIÑO	VILAR	208	6
350	360550502	PONTEVEDRA	TUI	A DEVESA	92	5
351	360560402	PONTEVEDRA	VALGA	CIMADEVILA	59	6
352	150890302	PONTEVEDRA	VEDRA	O CASTRO	101	6
353	360573002	PONTEVEDRA	VIGO	MARCOSENDE	334	6
354	360571431	PONTEVEDRA	VIGO	VILAR	321	6
355	360592809	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	A SENRA	60	6
356	360592003	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	O OUTEIRO	94	6
357	360592007	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	SULAGO	38	6
358	360590705	PONTEVEDRA	VILA DE CRUCES	VILAR	35	6



Nº	Código Entidade	Provincia	Concello	Entidade	Poboación 2024	Nº Mux
359	360580112	PONTEVEDRA	VILABOA	SAXOSA	234	6
360 (*)	150300001	A CORUÑA	CORUÑA, A	A CORUÑA	213.758	-
361 (*)	150780001	A CORUÑA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	SANTIAGO DE COMPOSTELA	83.292	-
362 (*)	270280001	LUGO	LUGO	LUGO	91.610	-
363 (*)	320540001	OURENSE	OURENSE	OURENSE	97.977	-
364 (*)	360380001	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA	63.659	-
365 (*)	360570002	PONTEVEDRA	VIGO	VIGO	201.018	-

(*) Estación fixa de comprobación técnica de emisións

